

BANDO MUNICIPAL

O Sr. ALCALDE-PRESIDENTE DO EXCMO.CONCELLO DE A LAMA.

FAI SABER, que na data 25 de novembro do 2024, polo Pleno da Corporación aprobouse a seguinte declaración de

“CONCELLO LIBRE DE EÓLICOS”

PRIMEIRO.- Declarar expresamente ao municipio da Lama “Concello Libre de Eólicos” en base á necesidade de preservar a riqueza natural, cultural, etnográfica e patrimonial da que este concello é referencia, esixindo a súa protección.

SEGUNDO.- Esixir a realización dos obrigados estudos sobre impacto medioambiental, respecto ao patrimonio natural, socioeconómicos sobre o impacto no territorio destas instalacións, análises e prospeccións arqueolóxicas coas máximas garantías, e para cada actuación que se realice, ou se pretenda realizar, sobre o territorio deste concello, garantindo a protección do patrimonio que A Lama atesoura.

TERCEIRO.- Manter contacto permanente cos Concellos afectados pola implantación de Parques Eólicos na nosa contorna sobre a instalación masiva nos nosos territorios de parques eólicos, prestando apoio ás reivindicacións veciñais.

CUARTO.- Facilitar información á veciñanza sobre os parques en tramitación, ou dos que se salgan a tramitación, e prestar a asistencia ás mesmas do equipo consultor contratado polo Concello da Lama para facilitar a máxima información e coñecemento dos proxectos que se están a tramitar.

O que se fai público para xeral coñecemento en A Lama na data da firma electrónica.

DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE

